

RECOMENDACIÓN DE ACTIVIDADES PARA E.I

Como suxestións, e sempre voluntariamente, seguindo a dinámica de investigación dos anteriores proxectos, as titoras propomos algunhas actividades que podedes facer cos vosos fillos/fillas para que se entreteñan á vez que se motivan ante o novo proxecto que levaremos a cabo ao regresar á escola: A HORTA.

Seleccionamos varios aspectos do tema do que o alumno/a pode escoller un ou varios dos que máis lle gusten ou lle chamen a atención e investigar coa axuda dos pais/nais en libros internet ou na propia horta se é posible.

As súas observacións pódeas expoñer en pequenos murais, debuxos, fotos, manualidades, experimentos e todo o que se lle ocorra como viñamos facendo para logo contárnolas cando regresemos ao colexio.

-Que é unha horta?
-Os traballos dun hortelán.
-Ferramentas que se empregan para traballar na horta.
-As sementes. Como se conseguen. Tipos
-Comparación de sementes entre si, formas cores tamaños
-Como nacen as plantas.
-Partes da planta.
-Necesidades das plantas (luz, auga...)
-Plantas que se cultivan nunha horta. As hortalizas.
-As froitas
-As verduras
-Que partes comemos de cada planta (raíces, talo, follas ou flores)
-Plantas aromáticas: que son e para que se usan.
-Animais da horta: caracois, miñocas, bolboretas...
-As plantas da horta e a cociña

Enlazando co proxecto que estamos a rematar (O cociñeiro e a cociñeira) sería interesante e divertido buscar en algún libro de receitas algunha sinxela que leve produtos da horta e cociñala e degustala en familia, a continuación poden tomar nota delas como fixemos coas anteriores e traérnolas logo á clase para expoñelas e comentalas.

EXPERIMENTO CON SEMENTES

Poñer en distintos vasos con algodón húmido ou con terra fabas, garavanzos lentellas ou outras sementes que se vos queirades. Observar día a día o que pasa e debuxar nun recadro o resultado, anotar a data. Fixarse en cales brotan antes, cales medran máis rápido e outras cousas que se vos ocorran. Tamén podedes deixar unha sen auga para ver que pasa...

OUTRAS ACTIVIDADES

- Debuxar un hortelán, o cociñeiro cociñando os produtos da horta.
- Observar froitas e verduras que teñades pola casa, as súas características, olor, saborealas, debuxalas e escribir o seu nome.
- Contar sementes, froitos.. facer grupos con elas e ver en cal hai mais e en cal menos.
- Collaxes con legumes e outras sementes.
- Composicións con recortes de revistas de produtos da horta.
- todo aquilo que a vosa imaxinación vos suxira con referencia ao tema.